



INTRODUCCIÓN

É importante destacar que as características das nosas explotacións en canto a número de vacas, manexo ou tipo de instalacións non son nada homoxéneas, polo que a dispersión nos valores obtidos pode ser moi grande. Aínda así, como asesores que somos, cremos interesante poñer en común toda a información da que dispoñemos, para que dese modo poidamos chegar a algunha conclusión que nos axude a valorar se as medidas que estamos a poñer en funcionamento son adecuadas ou non. Neste caso, nós fixémoslo co uso de seladores internos.

Os datos cos que traballamos corresponden ao ano 2017 e son os seguintes:

Comparativa de datos entre explotacións sobre o uso de seladores internos

A continuación presentamos un estudo que, lonxe de ter unha base científica plena, só pretende comparar algúns dos datos que imos recollendo nas nosas visitas mensuais de gran parte dos clientes que levamos nun programa de xestión da calidade de leite.

Patricia de Celis Martínez, Christian Paniagua Echevarría
Gescal Veterinarios SLP

N.º granxas	N.º vacas	% explotacións usan selador	% vacas con selador	Presecado	% cama quente/fría	% cubículos
27	3.786	63 %	59 %	33 %	59 %	41 %

	<50 vacas	50-100 vacas	100-150 vacas	150-250 vacas	>250 vacas
% explotacións	11 %	48 %	18 %	8 %	15 %

	<5 %	5-10 %	>10 %
% mamite mensual	63,0 %	22,2 %	14,8 %

	<20 %	20-40 %	>40 %
% mamite 90 DEL	18,5 %	66,7 %	14,8 %

	<20 %	20-30 %	>30 %
Prevalencia infección	44,5 %	40,7 %	14,8 %

	<15 %	15-30 %	>30 %
Prevalencia 90 DEL	25,0 %	62,5 %	12,0 %

	<10 %	10-20 %	>20 %
% NI parto	5,6 %	61,0 %	33,4 %

	<200.000	200.000-300.000	>300.000
Media RCS mensual	52,0 %	40,0 %	8,0 %

	<150.000	150.000-250.000	>250.000
Media RCS 90 DEL	11,7 %	29,5 %	58,8 %

	Ben	Regular	Mal
Hixiene cama secas	43,8 %	43,8 %	12,4 %

	>8 m²/vaca	8-5 m²/vaca	<5 m²/vaca
m²/vaca cama secas	22,2 %	70,4 %	7,4 %

	<20 %	20-50 %	>50 %
Hiperqueratose	43,8 %	43,8 %	12,4 %



RESULTADOS

A partir dos apuntamentos expostos anteriormente, comparamos índices re-

lacionados co secado entre explotacións que usan selador ou non en cada caso.

Datos totais

	% mastite 90 DEL	% mastite mensual	Prevalencia 90 DEL	Prevalencia infección	% NI parto	RCS 90 DEL
Con selador	31,5	4,4	17,1	20	16,7	242,5
Sen selador	33,4	8,9	27,7	26	19,1	460,5
Diferencial	6 %	102 %	62 %	30 %	14 %	90 %

Neste caso só tomamos como elemento de filtro se usan ou non selador interno. En todos os índices comparados observamos un mellor comportamento nas explotacións que si o utilizan, e é especialmente relevante a diferenza na prevalencia de infección nos primeiros 90 DEL e o RCS 90 DEL. As novas infeccións (NI) ao parto e as mamites nos primeiros 90 DEL que tamén teñen grande importancia para valorar o funcionamento do secado, a pesar de que non teñen diferenciais tan significativos, igualmente presentan resultados positivos.

Camas das vacas secas

Todas as granxas do estudo usan cama quente de palla. Comparamos os datos tendo en conta, por unha banda, o espazo por animal e, pola outra, as condicións hixiénicas das camas.

1. Espazo

	% mastite 90 DEL		Prevalencia 90 DEL		% NI parto	
	> 8 m ² /seca	< 8 m ² /seca	> 8 m ² /seca	< 8 m ² /seca	> 8 m ² /seca	< 8 m ² /seca
Con selador	27,5	32,8	15,9	20,4	15,6	20,1
Sen selador	42,5	31,3	28,6	24	18,4	21,9
Diferencial	55 %	-5 %	80 %	18 %	18 %	9 %

2. Limpeza

	% mastite 90 DEL		prevalencia 90 DEL		% NI parto	
	Hixiénicas	Non hixiénicas	Hixiénicas	Non hixiénicas	Hixiénicas	Non hixiénicas
Con selador	23	33,8	7	18,2	7,6	17,4
Sen selador	42,5	31,1	24	28,5	21,9	18,4
Diferencial	85 %	-8 %	243 %	57 %	188 %	6 %

En canto ás camas das vacas secas, vemos que os resultados son mellores utilizando selador interno en todos os casos excepto na porcentaxe de mastite nos primeiros 90 DEL en malas condicións tanto de espazo como de hixiene. Estas circunstancias normalmente coinciden nas mesmas explotacións, por iso é polo que os resultados son similares. Paradoxalmente, e en contra do que a lóxica nos indicaría, as porcentaxes son peores utilizando selador interno nas nosas granxas de estudo.

Hiperqueratose

Comparando o uso de selador interno coa hiperqueratose das vacas en lactación, os resultados son:

	% mastite 90 DEL		Prevalencia 90 DEL		% NI parto	
	<20 % HQ	>20 % HQ	<20 % HQ	>20 % HQ	<20 % HQ	>20 % HQ
Con selador	35,2	22	13	19,6	12,9	16,4
Sen selador	33,2	41	28,3	20,6	16,3	17
Diferencial	-6 %	86 %	118 %	5 %	26 %	4 %

Se o que analizamos é a condición do teto, observamos que, en liñas xerais, o uso dun selador interno é positivo. Tamén é certo que, aínda que a porcentaxe de mastite 90 DEL se comporta seguindo a lóxica de que as explotacións con peor taxa de HQ sexan as que máis se beneficien do uso do selador interno, este paradigma non se repite coa prevalencia 90 DEL nin coa porcentaxe de NI ao parto, onde, pola contra, observamos que a mellora é moito maior cando a condición do teto é óptima. Máis aló de que non sexa especialmente congruente este feito, o que parece evidente é que o uso de selador interno é pertinente aínda cando a condición do teto sexa boa.

▶ O QUE PARECE EVIDENTE É QUE O USO DE SELADOR INTERNO É PERTINENTE AÍNDA CANDO A CONDICIÓN DO TETO SEXA BOA

Presecado

Finalmente, imos comparar as granxas que realizan algunha práctica para baixar a produción de leite previo ao secado fronte ás que non.

	% mastite 90 DEL		prevalencia 90 DEL		% NI parto	
	Presecado	Non presecado	Presecado	Non presecado	Presecado	Non presecado
Con selador	29,6	32,4	15	18	16,5	16,7
Sen selador	27,3	37,5	24	28,6	21,9	18,4
Diferencial	-8 %	16 %	60 %	59 %	33 %	10 %

Atendendo aos resultados obtidos nas nosas granxas, utilizar o selador interno xunto ao presecado mellora os resultados en case todos os casos. A única excepción, unha vez máis, é a porcentaxe de mastites nos primeiros 90 DEL, que volve estar un pouco por riba nas explotacións que usan selador interno.

CONCLUSIÓN

Animámosvos a que poñades en común toda a información que recompilades nas visitas técnicas. Sen menoscabo de que, nalgúns casos, esta práctica vos poida inducir a algunha contradición, o coñecemento das circunstancias e o contexto de cada unha das vosas explotacións axudaránvos, sen dúbida, a discriminar os elementos discordantes para poder chegar a algunha conclusión interesante.

Neste estudo nós podemos inferir que o uso de seladores internos mellora os índices relacionados co secado. ■